

SEGUINDO O RECENDO DAS MAZÁS

Roteiro de Lugo a san Pedro de Mera con visita a santa Baia de Bóveda

Isidro Novo

Unha iniciativa de



co apoio de



VÉSPERA A MANEIRA DE EXORDIO

O tempo setembrino viñera propicio para o camiñante, pois os días amencían amábeis e claros, polo que non era de estrañar ver de cando en vez aparecer dentro das murallas luguesas alguén con mochila ao lombo mirando todo ao seu redor cun aceno entre atento e despistado.

Indo eu ensumido nos meus pensamentos, camiñaba sen présa aquel serán pola rúa san Pedro cara a porta do mesmo nome, á que tamén lle vale Toledana, relativo que lle vén, non porque estea orientada en dirección a Toledo, senón por levar dereitamente ao barrio da Tolda de Castela, a carón do Miño. Digo eu que ía revisando mentalmente cousas da miña incumbencia, polo que non foi cousa estraña que chocase con alguén que viña en sentido contrario seguramente tan pouco pendente coma min da circulación peonil. Repóndome aínda da colisión, apesureime a pedirlle desculpas a aquel home grande que facía o mesmo, pero con acento estranxeiro. Foi entón cando botei os ollos enriba para miralo con atención e decateime de que era el, de que era Bartel Zeeman.

A Bartel coñecéao eu facendo o Camiño Inglés hai anos e lembro que daquela, non tendo suficiente coñecemento dun idioma falado para entendérmonos, utilizabamos o xestual adobiado con algunha palabra solta do que lle daba nome ao camiño. Non volvera saber del, pero polo que me conta xa cun falar perfectamente intelixíbel, dende entón adoita vir de cada dous ou tres anos, en época de vacacións, para peregrinar dende diferentes puntos á cidade do Apóstolo. Nin daquela o movía nin tampouco agora o move un fervor relixioso, senón que disque lle colleu gusto a iso de ir coñecendo camiñantes dos sitios máis peregrinos. Esa é a primeira razón da súa afección a esas viaxes pedestres, pero non por primeira principal, pois segundo me desvela en ton de confianza, a el o camiño sérvelle sobre todo de desculpa para coñecer Galiza en toda a súa dimensión. Cóntame que este ano, para facer o Camiño Primitivo, principiou en Oviedo e o Portugués comezáo en Coimbra, pero o Francés fixéo iniciando a camiñada en Pedrafita e o da Prata en Verín. Porque disque o que el quere en realidade é camiñar por Galiza e cando remata a andaina, dedicar os días que lle quedan a percorrer a nosa terra e convivir coa xente de acá, pois confesa que lle acae o carácter noso. Xa dixeran que cando o coñecín falabamos por xestos, pero agora sorpréndeme chapurreando un castelán salferido de palabras en galego que, ademais de entenderse perfectamente, acáelle e ata o fai gracioso. Vén dende O Cádavo e di que non está canso. Quere que lle amose Lugo e eu non dubido en aprazar os meus faceres. Acompáñoos ata o albergue da rúa Nóreas, onde vai pasar a noite, para que deixe o petate e se

amañe un chisco, e mentres eu agárdoos fóra, a poucos metros, xusto á altura da casa onde viviu Rosalía de 1864 a 1868.

A primeira impresión física de Bartel, logo de tanto tempo, é de que está en ser. O frisón de Leeuwarden segue co mesmo aspecto que cando o coñecín, malia que dende aquela pasase máis dunha década. O seu bandullo segue estando, pero non avulta máis, e na súa fisionomía non hai pegadas apreciábeis do paso dos anos.

Non tarda en baixar. Deuse unha ducha e trae unha roupa máis propia para andar pola cidade. Moi ben peiteados os seus cabelos louros e algo engurrada a camisa. Botamos a andar por san Pedro cara ao corazón da cidade e axiña vexo que algo chama a súa atención. É unha funeraria de sempre, no número 38. E ben mirado, a súa curiosidade ten xustificación. Mesmo as súas risas de abraio. No escaparate do establecemento, a empresa, a modo de autopropaganda, amosa unha longa lista de persoeiros vinculados á cidade que presume ter asistido na hora do remate vital. Na lista figuran bispos, militares, gobernadores civís e mesmo xente da arte e da escrita como Tino Grandío, Amor Meilán ou Ánxel Fole. Sabía que era un home curioso e simpático, pero agora que lle entendo ben as falas, logo de escoitar os seus comentarios, podo certificalo. Ao pasar pola inmediata Praza de Anxo Fernández Gómez, aproveito para presentarlle a don Ánxel, un dos clientes da devandita casa de pompas fúnebres, que nos mira sereno e escéptico sen sacar os cachapiollos do chaleco.

Como ten que marchar ao día seguinte, amósolle o máis relevante da cidade a fume de carozo. Voulle falando de todo o que nos vai saíndo ao paso e pode ter interese, pero non deixo que un descoido no horario me impida amosarlle vestixios da época romana como os tesouros musivarios que hai na Casa dos Mosaicos da rúa Doutor Castro, antes Batitales, e o aparecido na rúa Armanyá de Dédalo e Pasifae, asentado no museo da Praza da Soidade. Lévoos logo a ver o barrio da Tinería, en pleno proceso de rehabilitación, e subimos pola Praza do Campo para ir dar coa porta norte da catedral. Alí facemos unha pequena parada para que faga un paseo visual polo nártice e se deteña unha miga no pantocrátor. Entramos e ao non ser ningún dos dous homes de oración percorrémola nun santiamén. Seguidamente, como non, subimos ao adarve da muralla para darlle a volta preceptiva de todo visitante á cidade. A noite hai pouco que caeu e a iluminación resalta a grandeza da fortificación.

É ceando o polbo nun sitio da miña confianza cando lle dá por convidarme a acompañalo e eu, por non desairalo e porque nada urxente mo impide, acepto ir con el ata o límite da provincia, sempre e cando el acceda a que lle amose o conxunto monumental de Santa Baia de Bóveda que, por estar desviado do camiño, suporalle incrementar a etapa en 6 quilómetros. Di que tanto lle ten,

afeito como está, uns quilómetros arriba ou abaixo, así que sen darlle máis voltas quedamos para saír xuntos a primeira hora da mañá.

O INICIO DA ETAPA

Ás oito en punto estou eu no albergue e inmediatamente que o reclamo, aparece o holandés preparado xa para a viaxe. Ningún dos dous almorzou, así que como o día semella vir tan fermoso coma os seus devanceiros, acordamos facelo nunha terraza da Praza Maior, atraídos polos cantos dos paxaros que aínda ocultos na follaxe que lles abeirou o sono, son capaces de expresar un xúbilo tan pleno a unha hora tan temperá. Almorza duro o das terras baixas do norte, pero non é pousón nin demorado, así que como eu polas mañás adoito ser frugal, axiña nos poñemos en camiño.

Volvemos transitar pola Tinería porque me pareceu máis axeitado saír de murallas pola Miñá, a porta máis antiga, non en van serviu de punto de partida cara ao Miño para formar a Vía XIX do Itinerario de Antonino, que levaba a Iria Flavia, e ademais por ela entraba o grande poeta nedés Fernando Esquío alá polo século XIII trobarlle a unha moza da que polo visto estaba namorado, como consta de maneira lapidaria na propia porta. Baixamos polo empedrado da rúa do Carme e antes de pasar a carón da súa capela, habémolo facer por diante dun pequeno monólito informativo que nos lembra a nacemento do santo patrón da cidade, san Froilán, alá polo século IX no chamado Regueiro dos Hortos, nome do camiño que temos que tomar para enlazar coa chamada Calzada da Ponte.

A PONTE ROMANA E O SEU BARRIO

Cómpre dicir -e así llo comunico ao meu estranxeiro acompañante- que o barrio da Ponte é coñecido tamén como barrio de san Lázaro, pois no século XII instalárase nel unha leprosaría. O barrio de san Lázaro da Ponte abrangue a calzada que acabamos de percorrer e o que se ve logo da ponte, sexa subindo pola rúa vella de Santiago, sexa virando á dereita, a carón do río, por onde nós temos que coller. Mais, antes de atravesar ese paso de oito ollos que tanto levan visto, xa que os seus baseamentos aínda son orixinais, quero eu amosarlle ao do país dos pólderres as termas do imperio, hoxe camufladas dentro do edificio dun moderno balneario.

Bartel entra curioso no edificio e no seu rostro é doado percibir o abraio cando lle amoso o *apodyterium*, o vestiario, coas súas 18 fornelas de medio punto. Mantén o frisón ese ademán de sorpresa cando o levo debaixo da

escaleira principal da edificación, onde aínda se poden ver os restos das pías e tomas de auga termal orixinais e as dúas salas contiguas enlazadas a través dun arco de medio punto. Tamén se fixa admirado no arcosolio con pinturas murais do fondo, hoxe esvaecidas pola humidade e os vapores sulfurosos que se cre pertencen ao XVI ou XVII, cando foi a capela dos baños. Pénsase que na orixe, esta parte puido ser un lugar destinado a baños mornos ou talvez quentes. A Bartel só o saco do estupor cando xa de saída do balneario lle ofrezco un vaso da auga do manancial de alí, pois sabido é que preveñen as enfermidades da gorxa. A cara que puxo o home! Non cabe dúbida de que non lle vai o xofre. Razón ten, a verdade sexa dita; saber sabe a ovos podres, pero paga a pena.

DE NOVO EN RUTA

Xa na camiñada na que nos coñeceramos, faciame graza a atracción que sentía polos lavadoiros públicos, construción rural que en moitos sitios da Galiza chamamos *río*, aínda que a auga da que se abastece proceda directamente dunha fonte, pero agora que teño maiores posibilidades de comunicarme con el, confésame que se fose quen mandase, había promulgar unha lei que os protexese igual que se fai cos cruceiros. E catalogalos igual que están estes. Está a mirar o que hai a carón do Miño preto da ponte. Doulle a razón, non debían de abandonarse de maneira que parezan edificacións inútiles. Habería que buscarlles algunha utilidade. Estética teríana sempre, se non estivesen moitos deles abandonados, pero ademais quizais poderían adaptarse para que servisen de escaparates de produtos do país e dende logo poderían utilizarse como lugares para estar, para contar contos, para pequenas festas...

Pasamos a ponte demoradamente, porque ao vir un verán húmido, o Miño vai espléndido. O Miño, que da outra banda do balneario que vimos de deixar, ten dedicado un parque ao que se entra lendo uns fermosos versos de Manuel María escritos no seu honor. Coméntolle ao meu acompañante mentres que atravesamos o río, que o barrio no que estamos é un dos máis transitados polos lugueses catadores do viño do país, xa que os taberneiros desta zona son selectos clientes dos colleiteiros da Ribeira Sacra. E coméntollo porque sei que a Bartel non soamente lle vai o condoto desta terra, senón que tamén é amigo de mollar a palleta cando se presenta a ocasión. Mais aínda non son horas, así que ao rematar a ponte e deixar que o estranxeiro fixe na lembranza as estampas que ten diante da mirada, torcemos á dereita por unha estrada que de principio é coma un colo de botella e que nos leva a carón do río pola beirarrúa da dereita. Á esquerda casiñas e tabernas. Na nosa man as instalacións do Club Fluvial que lle dan un certo aspecto urbano á zona, pero nada máis rematadas estas o

camiño estréitase de novo e axiña aparece á esquerda a humilde, aínda que robusta, igrexa do barrio que, xaora, está baixo a advocación de san Lázaro. Trátase dunha igrexa de planta rectangular, cunha soa nave, construída con perpiaño de granito e con tellado de lousa a dúas augas. Dende ela, pódese ver do outro lado do río o miradoiro fluvial ao que, ademais de outorgárselle a misión de satisfacer curiosidades paisaxísticas, cábelles o honor de conservar a memoria de Eduardo Blanco Amor. E uns pasos máis adiante, outro lavadoiro, tamén xa un pouco deixado, o que propicia que Bartel se pare e mova a cabeza desaprobando. Inmediatamente, unha indicación do camiño á esquerda. Unha subida moi pronunciada co piso asfaltado que nos vai levar ata a Louzaneta. Para que non colla medo, fágolle saber que é a única dificultade orográfica seria que vai ter ata que abandone a provincia e tomámolo con calma, porque o sol ergueuse en plena forma e comeza quentar. A Bartel, que é louro tamén de pel, acéndeselle a cara, pero sobe co respiro tranquilo e non se priva de intercambiar comigo intranscendencias verbais. Comigo que, a piques de vencer o terreo enfesto, semella que aos meus bofes non lles chega o ar e comezan a comichar letras das miñas falas.

Afortunadamente para min, o declive morre axiña e en terreo xa case chan, camiñamos ata o cruzamento d'O Veral. É alí onde tomamos a estrada local LU-29-01 e encamiñámonos cara a Santo Matías. Viñeramos subindo acompañados de ringleiras de carballos, de ocasionais castiros e de abondosas mazairas, pero o paso por Santo Matías tamén son piñeiros os que custodian a nosa andaina. Quéixase o frisón de que o camiño sexa sempre por asfalto, pero como compensación agradece o recendo a mazá que grazas á temperatura chega ata nós coma un perfume. Pasamos San Xoán do Alto e as mazairas aínda se fan máis abondosas, tantas que semella que o ar teña por alí de natural ese olor. Con ese etéreo bálsamo aboiano no ambiente, chegamos a San Vicente do Burgo, fermosa aldeíña de casas moi coidadas onde houbo en tempos un hospital de peregrinos que hoxe se coñece como Casa do Francés. Afastándonos uns metros do camiño, poderemos ver unha igrexa barroca, moi fermosa, ao ver do holandés, que está sorprendido pola altura e a dimensión da mesma en relación co lugar onde está radicada, porque verdadeiramente si que é unha igrexa máis esvelta e ampla do que se acostuma a ver no rural. O templo é do século XVIII, de planta rectangular, feita con perpiaño granítico e cuberta de lousa a dúas augas a nave e a catro a capela maior. Non puidemos vela por dentro, pero funlle dando detalles como que ten unha bóveda de canón na capela maior e un retablo maior barroco e outro lateral neogótico. El escoitaba, pero miraba cara arriba, porque as cousas que máis lle chamaban eran a torre cupulada, a lanterna da nave e mailo reloxero, que malia ter as agullas enferruxadas, andaba perfectamente. Tamén se parou bastante co cruceiro,

erguido entre un mar de lápidas, pois tíñalle graza que lucise no capitel catro anxiños e catro landras. Eu, como aquilo xa o tiña visto, mentres el miraba, pechaba os ollos para mellor recrearme no recendo que nos viña acompañando case todo o camiño naquela mañá fermosa. A carón mesmo da igrexa, unha grande mazaira aliviábase deitando de cada pouco na gabia algunha peza do seu perfumado froito. De volta ao camiño, tívonos mérito que ao pasar por diante dunha zarra dunha leira, se achegase a ela en función gardiá, a fume de carozo, un animal que polo regular non ten ese cometido. Non ladraba, senón que beaba. Era unha ovella tosquiada había pouco. Qué non botamos risas a conta dela cando se nos acordaba ao longo do traxecto!

Tan a risas fomos, que cando nos decatamos estabamos en Poutomillos, lugar onde o camiño axiña nos ofreceu o desvío que debiamos coller para visitar o templo de Bóveda. Eses tres quilómetros tamén se nos foron nun sen sentir, mais non foi nese traxecto onde a hilaridade suscitada polo peculiar exemplar ovino tivese protagonismo, senón que había algo que segundo andabamos ía envolvéndonos dunha maneira tan grata que nin precisabamos falar. Quizais hai lugares onde ata un ateo pode acadar unha sensación mística e as proximidades do templo de Santa Baia de Bóveda produciron en nós ese efecto. O de entrar nun espazo máxico. Tamén é certo que a ese recollemento inconsciente debían axudar o seu as dúas ringleiras de tupidos carballos que, bicándose nas copas cos de en fronte, nos acompañaban aos dous lados do camiño conseguindo un silencio moi amábel de escoitar.

Así, nese estado de relaxación mental, chegamos por fin ao rueiro onde está radicado o templo e foi o amigo Bartel quen en voz moi baixa, como temendo romper o encantamento no que viñamos sumidos, díxome que ía beber e refrescarse unha miga na fonte que aparecía antes de nada á nosa man dereita. Unha fonte con lavadoiro do ano 62 do século pasado que tiña toda a traza de estar sendo utilizado e, talvez por iso, amosaba un perfecto estado de conservación.

VISITA AO MONUMENTO DE SANTALLA DE BÓVEDA DE MERA

A pequena aldea onde se asenta o conxunto arqueolóxico está perfectamente coidada. Tanto no que toca ás poucas vivendas que forman o rueiro, como aos hórreos que lindan con eles. O arboredo circundante compóñeno, ademais desa especie tan nosa que nos acompañou dende o desvío, bidueiros, ameneiros, algunhas nogueiras, castiros, pexegueiros e, como non, tamén se outean mazairas. Unha ben cumprida, tanto de altura coma de carga froiteira nas súas pónlas, a carón do muro da igrexinha que linda co que

vimos ver. De paso cara á oficina de turismo para que nos abran para acceder ao monumento, batemos cun plano informativo ideal para quen queira facer unha pequena excursión pedestre circular, é dicir, con principio e fin en Santa Baia. A ruta denomínase *O Vello Lugo Agrario*, ten 5 quilómetros escasos e leva de paseo a carón de muíños tradicionais que moen a conta das limpas augas do río Mera e do seu afluente o rego do Mendo. Pola miña parte, queda apuntado para outra ocasión.

Non debe estrañar que non haxa xente admirando o templo soterrado se nos fixamos no dilatado que é o horario de visitas, pois de luns a venres atenden ao público dende as 8 da mañá ata as oito da tarde, cunha hora soamente polo medio (de 3 a 4 da tarde) para que poida xantar a persoa encargada da custodia da chave. As fins de semana e festivos, pódese visitar nun horario ininterrompido de 11 da mañá ás 8 da tarde.

Bartel entra moi interesado. Obro de prospecto turístico seu e principio por facerlle saber que oficialmente aquilo foi dado por descuberto en 1926, aínda que xa se sabía da súa existencia anteriormente, e que foi no 1931 cando o declararon monumento nacional. Tamén o poño en antecedentes de que, debido aos avatares do seu descubrimento, ás reformas e restauracións sucesivas sufridas, o conxunto non se pode situar no tempo con moita exactitude, como tampouco non se pode determinar a procedencia nin as funcións ás que estaba destinado. Que se trata dun monumento tardorromano e que se pensa que a súa construción foi alá polo século IV. Coméntolle que entre os usos que lle supoñen os arqueólogos está o de ter sido un ninfeo, xa que estas construcións eran na época de forma rectangular -ademais dalgunhas elípticas e absidais- con fornelos e columnas. Sen deixar de escoitarme, entra e sae Bartel mirando todo con grande atención. Atraen a súa mirada os baixorrelevos da entrada con cinco figuras humanas danzantes de cada lado, gardando simetría. Chámalle a mestura de pedra e tixolo, quédase estantío perante a escena dos eivados manco e trengo, observa con detemento a piscina, fai esporádicas miradas de conxunto loando a variedade de cores empregada, párase diante dos faisáns e das perdices, dos galos e das pitas, e tamén da ibis e a cegoña. Tamén me paro eu nelas para lembrar a Manuel María que as citaba no seu poema titulado *Ás aves do ninfario de santa Baia de Bóveda*, onde o poeta da Chaira as bautiza con nomes coma Froila, Mariña, Ilduara, Comba ou Baia. Cando o meu acompañante acouga, aproveito para dicirle que logo do que leva visto non debería estrañarlle que, ademais da teoría do ninfeo, haxa outras, como a que considera o conxunto un lugar para a cura de enfermidades -unha especie de balneario- ou a que supón que é un mausoleo funerario e mesmo a que aventura que foi un lugar onde se celebraban cultos romano-orientais. E logo desa época, viría unha

adaptación aos novos tempos e sería habilitada polos vellos cristiáns como cripta.

DE VOLTA AO CAMIÑO

Dime Bartel que está encantando de ver unha marabilla como aquela, pero que o seu camiño é moito máis longo que o meu, quitado que cambiase de opinión e me decidise a acompañalo ata Palas, que é onde pretende durmir esa noite, pero eu son home de palabra e se dixen que non pensaba ir máis alá do límite do concello, non é hora de andar a desdicirse, porque ademais, eu tamén teño que dar a volta ata a cidade e se é normal que se fale das pegadas que deixan os camiñantes no camiño, é probábel que no meu caso, por non estar afeito, sexa o camiño quen deixe as pegadas en min.

Arrincamos a un paso moderado porque na vinda foi un recreo e queremos que a volta tamén sexa pracenteira. Sobre esa paz que irradia o lugar do que volvemos e mailos seus arredores, coméntolle que non é casualidade que próximos a Santa Baia de Bóveda haxa numerosos castros e, como consecuencia, tamén numerosas mámoas. O home primitivo, por estar aínda próximo ao instinto, guiábase pola atracción telúrica dos lugares para facer os seus asentamentos. Cántolle, sinalándollo dende onde estamos, que o castro máis próximo é o de Corvazal, chamado pola xente A Modorra, que está a escasos 500 metros do santuario e que incluso hai unha lenda que di que nun penedo ao lado dese lugar adoitaba aparecerse cacarexando unha galiña encantada, que se deixaba de ver cando alguén fixaba a súa atención nela. E por iso, remato dicíndolle, é polo que lle quedou Pena Piador a esa pequena elevación.

BACURÍN BEN MERECE UNHA OLLADA

Volvemos á ruta que leva o meu amigo e seguimos camiño cara a Bacurín, curioso e ben explícito topónimo, seguindo o camiño de asfalto que levamos todo o tempo, pero que non resulta incómodo pola pouca circulación de automóviles e porque o recendo das mazás nolo vai perfumando. Mazairas, carballos, castiros cos ourizos regañando, terreos a millo, prados... Bartel é home de excelente humor e entende o noso. Vexo que saúda moi alegre cunha man ao lonxe. Non hai xente á vista e preguntolle a quen vai dirixido o saúdo. A miñas paisanas, dime. Media ducia de vacas manchadas -non se sabe se de branco se de negro- pacen na plácida lentitude do día. Rimos os dous a cachón. As frisonas non lle devolven a cortesía.

Ao chegar a Bacurín paramos a ollar igrexa románica de san Miguel, un fermoso templo que incluso ten ousia, pois non en van foi monacal do santo baixo cuxa advocación está e, como non, paramos a ver tamén o pazo que está ao seu carón. Unha señorial mansión fidalga que xa amosa prestancia dende o seu portón, cun arco de medio punto con doelas e perpiaños moldurados, cornixa e pináculos, ademais de escudo de armas.

Dentro da propiedade amurallada pódese admirar un espléndido arboredo de fondo e canto a edificacións, ademais do pazo, está a vivenda dos caseiros, así como os alboios para gardar os froitos e mailos aveños. E para satisfacción do amigo Bartel, non falta a fonte co seu lavadoiro cuberto, ben bonito, por certo, segundo el comenta.

A casa en si é austera de aspecto, con planta cadrada e tellado a catro augas, adornado con pináculos, pero nin os vans das fiestras nin das portas presentan elementos decorativos. Unicamente chama a atención na fachada principal unha especie de burato denominado “trabuqueira”, que como xa se deduce debía a súa existencia a intencións defensivas con armas de fogo.

O FINAL DA MIÑA ETAPA

Dicíame Bartel que lle facía falla o tempo para que non o collese a noite, así que continuamos a marcha camiño de Mera sen parar demasiado. Mais ningún anfitrión galego que se teña por tal deixa que saia o convidado da súa casa co estómago baleiro, por moito que este insista en que as horas de luz cada vez son menos e que lle quedan aínda moitos quilómetros para chegar a onde ten pensado. Convencino, claro, e leveino comer a un mesón que está a 100 metros do lugar de Taboeiro, a unha aldeíña que se chama Crecente. Un mesón a onde xa teño vido comer o coello de monte, a perdiz e mais outras delicias da caza. Pero non por non habela desta vez, saímos de alí peor comidos. Segundo o meu amigo holandés, nunca pensara que un polo puidese saberlle tanto. Pero é que naquela casa son sempre campeiros. Mantidos a millo e a verme. Por certo, alí en Crecente, en 1996, foi descuberta unha estela funeraria que está hoxe exposta no Museo Provincial.

Despedino no límite do concello, a carón do indicador de San Román da Retorta, onde persistía a fragancia a mazás que nos acompañara todo o tempo. Un aroma que quería quedar na memoria como o motivo exclusivo dun cadro ao que enmarcasen os alegrísimos cantos dos paxaros, tamén presentes en case toda a andaina.

Mirei marchar a Bartel un par de minutos e logo dei a volta con pouca ansia. Pensando nel..., e nas mazás. O meu avó tíñaas polo mellor dixestivo e

dicía que unha mazá era equivalente a unha macela. Tamén tiña un amigo que gustaba de asar as tabardillas. Facíalles un buratiño logo de quitarlles o pedúnculo e metíalles nel unha culleriña de azucre e outra de augardente. Salferíaas logo cun belisco de canela en po e metíaas no forno a unha alta temperatura ata que consideraba que estaban no seu punto. Seica lle saían de repicapaxaro. O certo é que este froito está considerado coma un símbolo de saúde na maioría das civilizacións e mesmo os británicos din dela *“An apple every day keep the doctor away”*, é dicir, que comendo unha mazá ao día, non hai necesidade de médico.

O caso é que pódome a pensar en pomares e pumariños, tardo en decatarme de que alguén me toca a bucina. Un coñecido. E por que non? O compromiso era unicamente acompañar o holandés na súa andaina, así que, acepto a oferta. Os meus pés seguro que o agradecen. Nada máis arrincar, pola ventá aberta do coche chégame ata a orella o muar dun fato vacún. Son rubias. Paisanas. Quizais estean saudando.